



NON MÁIS CICLISTAS MORTOS NAS ESTRADAS!!!

Cada día son máis as persoas que se desprazan en bicicleta, uns co fin de actividade física e ás veces competitiva e outras persoas só por ser un medio máis de transporte.

En calquera dos casos, a seguridade da que se dispón é pouca e o perigo inminente por non respetar, na meirande parte dos casos, as distancias que hai que manter cos ciclistas.

Queremos sensibilizar ós condutores da necesidade imperiosa de respetalas distancias para que non haxa accidentes, case sempre mortais pola fragilidade do ciclista respecto dos coches.

Nin que dicir ten, que os pais e nais cada día poñen máis reparos para que os seus fillos/as, saian á estrada a adestrar ou simplemente, a andar. Loxicamente este perigo, vívese con maior temor nas cidades ou vilas grandes por ser habitualmente as súas estradas as máis transitadas.

O perigo é evidente que se pode dar en calquera parte (moi ou pouco transitada), pois a gravidade é realmente o non respetar.

Queremos colaborar para que non haxa máis bágoas por esas imprudencias que case sempre rematan en traxedias.

Cumpramos todos/as coas normas e así evitaremos os accidentes.

Respetemos as distancias!!!

Non máis ciclistas mortos nas estradas!!!